



CONCELLO DE PONTECESO
Rúa Concello, 18 – 15110 PONTECESO (A Coruña)

BANDO

O alcalde do Concello de Ponteceso
Xosé Lois García Carballido

Dispoño

Que para evitar a propagación do **COVID-19** e mentres dure a declaración do estado de alarma, son de **obrigado cumprimento** as seguintes normas:

1º Para **TODAS AS EMPRESAS QUE OFREZAN SERVIZOS DE VENDA E ATENCIÓN AO PÚBLICO** no noso termo municipal:

TODAS AS PERSOAS QUE ESTEAN EN ATENCIÓN AO PÚBLICO E OS/AS REPOÑEDORES/AS DEBERÁN VESTIR OS EPIS NECESARIOS. En todo caso, empregarán luvas de nitrilo ou similares e máscaras.

O Concello vén axudando ás empresas con domicilio social en Ponteceso proporcionando provedores para conseguir os EPIS necesarios, xel e desinfectante, para o cal poñemos á súa disposición o teléfono **981 714 000** e o correo electrónico xose.garcia@ponteceso.gal

2º **A VENDA AMBULANTE** ten as mesmas obrigas có resto dos supermercados. Hai que fomentar os pedidos telefónicos para evitar que o veciño saia á rúa. O vendedor debe limitarse a entregar o pedido a domicilio embolsado e cobrar.

3º O Concello fará **INSPECCIÓN**s para comprobar que as empresas cumpren coas obrigas de hixiene e de desinfección de locais e dos elementos de uso público como carros da compra, caixeiros, etc.

4º Para **os CLIENTES**: aconsellamos que fagan as súas compras (alimentos, medicamentos, gasolina ou tabaco) de forma responsable e organizada e **para 15 días**, evitando así saír da casa a diario. Lémbrese que hai xel desinfectante de mans que se debe usar tanto á entrada como á saída dos establecementos.

PROTÉXETE E PROTÉXENOS DO COVID-19

Ponteceso, 30 de marzo de 2020

O alcalde